

Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Decembro 2005

COMUNICADO

Descenso do gasto medio por persoa e día e do gasto total dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros en decembro de 2005.

O gasto medio por persoa e día dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de tres e máis estrelas de Galicia descendeu en decembro de 2005 un 8,6% en relación ao mesmo mes do ano anterior.

Cun importe de 114,3 euros, o gasto medio por persoa e día descendeu, en termos correntes, un 8,6% en decembro de 2005 con respecto ao mesmo período do ano anterior. No que vai de ano o gasto por persoa e día descendeu en termos correntes un 11,9%.

Atendendo ao tipo de gasto, rexistran crecementos interanuais negativos todos os gastos agás os gastos en desprazamentos. O gasto en aloxamento descendeu un 9,4%, o gasto en comida un 2,0%, os gastos en compras un 27,0%, o gasto en ocio un 7,7% e os outros gastos un 12,4%. Os gastos en desprazamentos aumentaron un 6,7%.

O gasto total dos viaxeiros descendeu un 11,0% en decembro de 2005 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

O gasto total dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros en decembro de 2005, que ascendeu a 22,5 millóns de euros, diminuíu un 11,0% con respecto ao gasto rexistrado en decembro de 2004 en termos correntes. En termos de datos corrixidos de efecto calendario a taxa interanual situouse nun -12,1%.

No que vai de ano o gasto total dos viaxeiros descendeu en termos correntes un 13,4%, que se corresponde cun descenso do 13,1% cando a serie se corrixe de efecto calendario.


Por tipos de gasto, o comportamento é similar ao rexistrado no gasto medio por persoa e día. Así, o gasto en aloxamento descendeu un 11,7%, o gasto comida un 4,5%, os gastos en compras un 28,9%, o gasto en ocio un 10,1% e os outros gastos un 14,7%. Os gastos en desprazamentos aumentaron un 4,0%.

**Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos
hoteleiros. Decembro 2005**

	Dato. Euros	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Gasto medio por persona e día	114,3	-8,6%	-11,9%
Gasto total	22.548.086	-11,0%	-13,4%
Datos corrixidos de efecto calendario			
Gasto total		-12,1%	-13,1%

FONTE: IGE. Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

No seguinte gráfico pódese observar a variación interanual do gasto total e do gasto por persona dende 1999.



FONTE: IGE. Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es